

Aínda que nelas todo semella no seu sitio e ata os imprevistos teñen oficinas solventes que inclúen reaseguro e sinaturas de confianza

nas rúas da cidade de calquera intre poden producirse situacións anómalas que pola súa natureza estean excluídas de calquera posibilidade explícita na redacción dunha póliza de ampla cobertura

A unha hora ao azar dun día de ordinario aspecto

alguén insospeitábel pode pasar derrubando os murmurios do amoreamento

saltando por riba dos arames vermellos e desoíndo as alarmas big brother irritadas polo seu frenesí poñendo en perigo a balanza do ten con ten

Alguén pode pasar cunha taquicardia imantada ata a histérese

apañando os segundos clandestinos que non conseguiron acadar praza nos reloxos para facelos detonar na ponte que leva a existencia ao pesadelo

Na cidade de repente

alguén pode irromper arrombando ao seu paso as cortinas do vento con ollos acesos de extrema urxencia

[[bloqueados os mandos do control]]

desbocado como cabalo esporeado por un terraplén abaixo

desbordado en avalancha como río preso que rompeu os diques do encoro

Alguén pode pasar procurando non sabe que e correndo diante de si

perdida a vertixe na turbidez do remuíño que o leva ata o desaugadoiro

fuxindo arquexante ata calquera precipicio que lle dea por perpendicularizarse no seu camiño como se a súa vida sempre dependese

de algo que hai alén e alén de alén de alén

e ese algo lle estivese escapando constantemente

como se fuxise dun medo que nunca tivo tempo de perder

como se quixese chegar a mañá antes da media noite

malia que estea canso de saber que mañá é un permanente aborto

provocado no útero dunha cándida ilusión

onde unha néboa espesa substitúe o nasciturus por un clon do finado